

SOLICITUDE DE CONVENIO E COMPROMISOS ASUMIDOS

ENTIDADE: *Asociación de dano cerebral adquirido (ADACECO)*

D/D^a. Juan Luis Delgado Fernández con DNI 30192035G. como presidente e representante da entidade *Asociación de dano cerebral adquirido (ADACECO)* situada en ..As Xubias de Arriba, 15 A Coruña. e CIF N^oG15780166, ante o Concello de Arteixo, a través deste escrito

1. SOLICITO unha subvención mediante a sinatura dun convenio para este ano 2023

2. DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que a entidade á que represento non se atopa incursa en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiaria de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda e coa Seguridade Social.
- Que a entidade que represento non ten solicitada nin concedida, nin pendente de resolver ningunha subvención ou axuda para o mesmo fin que a solicitude que presento, de ningunha administración pública nin doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

3. MEMORIA RESUMO DAS ACTIVIDADES QUE LLE SON PROPIAS.

ADACECO nace a finais do ano 2000, co compromiso de traballar por e para as persoas con Dano Cerebral Adquirido e as súas familias, co fin de contribuir a mellorar a súa calidade de vida a través dunha atención interdisciplinar que ten como meta a reinserción biopsicosocial destas persoas no seu entorno.

ADACECO pretende responder ás necesidades esenciais das persoas afectadas por DCA, promovendo os seus dereitos e ofrecendo servizos de calidade a través da implicación de tódolos integrantes da asociación, así como facer difusión da problemática, sensibilización cidadá e favorecer a participación e integración plena na sociedade.

ADACECO ofrece servizos de rehabilitación e atención especializada, específicos e individualizados, mediante un Programa de Atención Integral ó Dano Cerebral Adquirido, tanto en réxime de atención ambulatoria como de centro de día que contempla os seguintes servizos e actividades:

- Traballo Social (Información, orientación e asesoramento, tramitación e xestión de recursos e prestacións...)
- Neuropsicoloxía (rehabilitación cognitiva, psicoterapia...)
- Fisioterapia
- Terapia Ocupacional
- Logopedia

- Atención persoal e apoio en AVDs
- Ocio e Tempo Libre (Informática, actividades deportivas adaptadas...)

- Talleres Ocupacionais (musicoterapia, laborterapia,...)
- Transporte Adaptado
- Dirección e Administración

Dende Xuño 2019 damos un paso máis na atención a persoas con DCA poñendo en marcha un programa de Terapias Intensivas en Neurorrehabilitación (TIN) que aínda que en outros países hai centros de tratamento intensivo que levan anos desenvolvendo a súa labor, en España estase empezando a introducir.

O noso obxectivo é ofrecer rehabilitación funcional especializada mediante un programa de alta intensidade, co obxectivo principal de aumentar ó máximo a calidade de vida das persoas ás que atendemos.

O protocolo de intervención consiste en 6 horas diarias de tratamento durante 10 días consecutivos, e seguementos posteriores durante un período de 6 meses.

ADACECO é o único centro na provincia de A Coruña que ofrece este tipo de rehabilitación, baseada na formación impartida pola Asociación de Terapias Intensivas en Neurorrehabilitación e que conta coa súa acreditación como centro de referencia

4. MEMORIA DA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA A AXUDA

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS: Nóminas neuropsicólogos	A CARGO DA ENTIDADE	SUBVENCIÓN SOLICITADA AO CONCELLO
Atención neuropsicolóxica a persoas con Dano Cerebral Adquirido	26.616,62€	16.616,62€	10.000,00€

Descrición detallada da actividade que ten previsto desenvolver en 2023: e que vena desenvolvendo, así como das programadas a través do convenio a asinar.

Actividades a levar a cabo:

1º) Avaliación neuropsicolóxica:

Unha vez recollidos todos os datos sobre o caso (presentado en reunión de equipo pola traballadora social, tras unha 1ª entrevista), realízase a avaliación neuropsicolóxica. Os obxetivos clínicos da avaliación son:

- Describir con detalle as consecuencias da lesión en termos de funcionamento cognitivo, trastornos da conduta, cambios emocionais e da personalidade.
- Diseñar un plan de rehabilitación individualizado sobre a base dun axeitado coñecemento tanto das limitacións, como das habilidades preservadas.
- Identificar os factores pronósticos da evolución e da recuperación que se poden alcanzar a

curto e a longo prazo.

Podemos considerar que a avaliación neuropsicolóxica é o primeiro paso da rehabilitación. Isto é así porque mediante a avaliación imos a delinear o perfil das capacidades preservadas e afectadas, determinando o grado de influencia destes déficits na realización das actividades da vida diaria; así, estaremos establecendo unha liña base coa que poder comparar a evolución e o éxito do noso programa de intervención. Estará orientada a coñecer non só as puntuacións que consegue o paciente nos tests, senón que compoñentes dos procesos cognitivos están afectados e qué estratexias emprega o suxeito para resolver as tarefas.

Mediante esta avaliación determinaremos o funcionamento cognitivo da persoa afectada, en canto á posible presenza de alteracións de memoria, atención-concentración, orientación, linguaxe, razonamento, funcións executivas, praxias, gnosias, habilidades visoespaciais, etc.

Determinaremos, ademais, a posible presenza de alteracións emocionais ou conductuais (axitación, irritabilidade, agresividade, desinhibición, rixidez conductual, apatía, ansiedade, depresión, etc.)

En primeiro lugar realizarase unha entrevista cos familiares, para despois entrevistar á persoa afectada á que, ademais se lle administrarán os distintos test e probas estandarizadas.

2º) Establecer Plan Individual de Atención (PIA)

Con toda a información recollida poderemos establecer o Plan Individual de Atención de cada beneficiario, cuns obxetivos concretos.

Os PIAs que disñemos serán individualizados e enfocados ás necesidades de cada persoa e deben atender a varios obxetivos fundamentais:

a) *O tratamento das funcións cognitivas alteradas*: Para o tratamento dos problemas de memoria, orientación, atención, concentración, razonamento, capacidades visoespaciais, funcións executivas, etc. determinarase a utilización de diferentes técnicas como a *restauración* (intervense directamente sobre a función afectada co fin de que alcance un rendemento o máis normalizado posible); a *compensación* (enseñaranse e entrenaranse en estratexias alternativas e axudas externas como a utilización de axendas, diarios, alarmas, teléfonos móbiles, etc.); ou a *sustitución* (mellorarase o rendemento das funcións alteradas a través da utilización e optimización dos sistemas cognitivos preservados).

b) *A modificación das conductas desadaptativas*: As alteracións conductuais como irritabilidade, agresividade, desinhibición, apatía, etc., serán tratadas mediante técnicas como o moldeamento, a extinción, programas de economía de fichas, entrenamiento en autocontrol e en autoinstrucións, etc.

c) *A readaptación profesional*: Un dos obxetivos finais da rehabilitación é a reintegración da persoa con DCA no traballo ou os estudos que realizaba antes o en aqueles para os que esté capacitado.

d) *O apoio psicosocial*: É necesario informar ás familias sobre a natureza e as secuelas do dano cerebral traumático, a importancia da adherencia ó tratamento farmacolóxico, o proceso de rehabilitación e o traballo dos diferentes profesionais, a posible aparición de complicacións médicas, etc. Ademais desta terapia de información e orientación familiar, a elevada frecuencia de trastornos emocionais en outros compoñentes da familia, en especial cónxuxes e fillos, poden esixir un tipo de intervención específica e individualizada.

3º) Intervención

A metodoloxía de traballo será a seguinte:

Realizaranse *sesións de rehabilitación individual* para traballar determinados aspectos cognitivos (p. ex., o entrenamiento da atención), emocionais (p. ex., aceptación das dificultades presentes e

futuras) e conductuais (p. ex., a agresividade)

As sesións de rehabilitación neuropsicolóxica individual terán unha hora de duración, e a frecuencia semanal dependerá de cada caso concreto (habitualmente 1-2 sesións/semana).

As sesións de estimulación cognitiva grupal realizaranse mediante talleres con grupos formados por 6-7 persoas afectadas, e cunha frecuencia semanal de unha sesión de 2 horas de duración o que permite:

- Traballar con grupos reducidos, incrementando a eficacia do taller (tarefas máis dinámicas, atención máis individualizada, etc.)
- Traballar con grupos máis homoxéneos: Se ben o déficit cognitivo é moi heteroxéneo en pacientes con DCA, clasificamos ós pacientes segundo o grao de déficit (leve, moderado). Contamos con tres grupos en función do déficit cognitivo (dous grupos con déficit moderado e un grupo con déficit leve).

Se ben o formato da sesión é “grupal” o curso de cada sesión do taller establécese do seguinte xeito:

- Recepción/presentación social: durante os quince primeiros minutos de cada sesión, establécese unha presentación social, donde se saluda ós usuarios que se incorporan (se houbese), fálase de temas chamativos da semana, etc. Trabállase así a “orientación á realidade”
- Terapia grupal: Durante os seguintes 75 minutos establécense exercicios e dinámicas en grupo, dirixidas a traballar funcións cognitivas como a memoria, atención selectiva, etc.
- Terapia individual: Os últimos 30 minutos cada paciente traballa en modo individual, seguindo o sistema de fichas, en función dos seus déficits cognitivos. É necesario enfatizar que ditas fichas son elaboradas polas profesionais que dirixen o taller (2 neuropsicólogas) en función do perfil de déficit de cada individuo.

En moitos casos, as persoas usuarias dos talleres de Rehabilitación Cognitiva grupal tamén se benefician de sesións individuais de rehabilitación neuropsicolóxica. Nas sesións grupais póñense a proba as técnicas e as estratexias que se ensaiaran de forma individual e que serven para xeralizar os resultados a situacións máis ecolóxicas e comúns, ademais de favorecer a interacción social con iguais.

4º) Seguemento e Avaliación

Realizaranse valoracións intermedias co fin de avaliar a progresión do paciente e facer os cambios pertinentes na súa intervención, de tal xeito que o programa de intervención non sexa un protocolo ríxido, senón que estaría suxeito a cambios sempre en función da evolución da persoa afectada. Os obxetivos do PIA revisaranse como mínimo cada 6 meses. En función dos resultados obtidos decídese a continuidade ou non do tratamento.

Duración do proxecto: Xaneiro a Decembro de 2023. O proxecto desenvólvese de Luns a Venres en horario de mañá e de Luns e Xoves en horario de tarde.

Número estimado de persoas que se beneficiarán

Estímase que se beneficiarán directamente do proxecto 65 persoas afectadas por DCA. Ó longo do ano 2024 préstase atención a 12 persoas empadronadas en Arteixo, podendo ampliarse esta cifra polo aumento de casos cada ano.

5. INFORMO QUE A PERSOA QUE ASINARÁ O CONVENIO SERÁ D.D/^a D.D/^a Juan Luis Delgado Fernández. que ocupa o cargo de Presidente
6. DOCUMENTOS QUE SE DEBEN ACHEGAR COA SOLICITUDE CUBERTA:
 - CIF da entidade
 - Copia dos estatutos da entidade
 - Copia do NIF do representante que asinará o Convenio.
 - Certificado da Xunta na que se nomeou como representante/xerente/director a persoa que asinará o convenio e acreditación de contar con poder bastante para a sinatura.
 - Acreditación de estar de alta no rexistro de entidades sociais de Galicia.
 - Certificados da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Tesourería de Seguridade Social e da Facenda Autonómica que acredita que a entidade que represento non ten débedas con ditos organismos
 - Autorizo ao Concello de Arteixo a obter as restantes certificacións que acrediten a inexistencia de calquera débeda coa Deputación, ou o propio Concello, necesarias para completar o expediente.

Arteixo día 23 de febreiro de 2024

Sinatura do Representante e selo da entidade



The image shows a handwritten signature in black ink over a green logo. The logo consists of a stylized lowercase 'a' inside a circle, followed by the word 'adaceco' in a bold, sans-serif font. Below the logo, there is small text that reads 'ASOCIACIÓN DE ENTIDADES CULTURAIS, RURAIS E DE A CULTEIRA' and 'NIF 15780166'.